



# DEPREDADORES -AVES- *Accipiter nisus*

## IDIOMAS:

- [GALEGO – Gabián europeo.](#)
- [CASTELLANO – Gavilán europeo.](#)

**Carlos Padín Cores – Biólogo.**  
**Marta Sánchez Fraga – Educadora ambiental.**

**CADERNOS DE CAMPO:**  
**BIOLOXÍA DOS DEPREDADORES MÁIS COMÚNS.**  
**AVES – Gabián europeo.**

**CLASIFICACIÓN:**

REINO	Animalia
FILO	Cordados
SUBFILO	Vertebrados
CLASE	Aves
ORDE	Falconiformes
FAMILIA	Accipitridae
SUBFAMILIA	Accipitrinae
XÉNERO	Accipiter
ESPECIE	<i>Accipiter nisus</i> (Linnaeus, 1758)



Este Accipiter posúe un tamaño máis reducido que o do seu parente o Azor común. Non é de estrañar que en inglés o denominen Sparrowhawk, “falcón pardal”.

Unha característica sobresaínte do seu comportamento radica na súa agresividade pese ó seu reducido tamaño. É un inimigo formidable, rápido, astuto. Desenrola técnicas de caza segundo a súa experiencia, e cada individuo resulta unha caixa de sorpresas pois acaba por sacarlle un partido especial ó medio onde vive.

Non é a rapaz máis forte, nin a máis grande, nin tan sequera a máis rápida, pero resulta igualmente letal para as nosas pombas cando se decide a atacar un bando, ou a un individuo illado. En ocasións podemos observar como o bando contraataca arremetendo contra un gabián, reducindo o espazo necesario para o desenrolo dun ataque potente. É un mecanismo semellante ó que usan diferentes bandos de aves fronte a este e outros depredadores.

**DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN:** Marcado dimorfismo sexual, con maior tamaño as femias.

	LONXITUDE	PESO	ENVERGADURA
♂	28-38 cm.	100-200 g.	59-65 cm.
♀	35-41 cm.	150-350 g.	68-80 cm.



**Cabeza:** Pequena en relación ó corpo. Cor dos ollos variable segundo a idade entre o amarelo e o laranxa claro. Posúen asemade, unha liña superciliar de cor claro sobre os ollos, pero é máis evidente nas femias e nos individuos xuvenís. Meixela parda ou vermella en machos, gris escura en femias.

**Cor:**

Machos: Dorso gris lousa. Abdome, gorxa e peito con profuso barrado horizontal de cor pardo-avermellada. Pinta clara na caluga. (Imaxe)

Femias: Dorso gris máis claro que no macho. Abdome branco, finamente barrado de pardo escuro horizontal.

Individuos xuvenís: Dorso de tonalidade máis parda cás plumas orladas de ante. Abdome branco, toscamente barrado de pardo vermello **vertical**. Cera e patas de cor verdoso.

Cola longa, en ocasións máis que a anchura alar, con bandas escuras menos destacadas que nos azores.

Silueta:

Semellante á do seu parente o Azor común pero de menor tamaño, sendo en ocasións moi difícil de diferenciar qué especie se está observando, sobre todo se pasan a grande velocidade.

Alas curtas en relación ó tamaño corporal; máis redondeadas e estreitas que nos azores, debido á menor separación das rémixes. Pousado, podemos observar que non chegan máis alá da base da cola. Mentres voa, a cola semella máis estreita na base que no extremo podendo estar máis despregada que no caso dos azores. Destacan a súa lonxitude e vértices angulosos.

O voo consiste nun rápido bater de alas, alternando planeos longos.



### ECOLOXÍA E BIOLOXÍA:

Rapaz diúrna aínda moi estendida e relativamente abundante no hemisferio norte.

Base alimenticia centrada en aves de tamaño medio e pequeno (columbiformes, merlos, pardais, etc.). Aínda que non é infrecuente atopalo cazando pequenos mamíferos e réptiles. Documentáanse casos de aproveitamento de animais xa mortos.

O seu período reprodutor é tardío, abril no Sur e maio/xuño no Norte peninsular. A parada nupcial é todo un espectáculo, onde a parella se persegue realizando acrobacias e simulacros de loita.

Constrúe os niños exclusivamente en árbores, con preferencia nas ramificacións principais dos piñeiros.

A posta consta de 2 a 7 ovos cun tamaño medio de 40×30 mm. A incubación é exclusiva da femia e

require de entre 39 a 42 días. Xa nados, son alimentados pola nai con presas capturadas polo pai.

Realizan o seu primeiro voo ós 25 ou 30 días de vida. Aniñando por 1ª vez ós 2 ou 3 anos de idade.



### DISTRIBUCIÓN ACTUAL NA PENÍNSULA IBÉRICA:



Xeral.



Principais poboacións.

Abarca toda a península Ibérica, sendo infrecuente no S. de Portugal. As concentracións máis relevantes documentáanse en Galicia, costa Cantábrica, cordilleira central, serras de Cuenca e

Albarracín, desembocadura do Ebro, provincias orientais de Cataluña, serras de Alcaraz, Segura e Nevada así coma na serra de Ronda en Málaga.

A nivel mundial, documéntanse dende o nivel do mar ata os 4.500 m. de altura.

O seu hábitat inclúe zonas forestais con abundancia de claros, e algún curso fluvial. Pode asentarse en grandes parques arborados de zonas urbanas.

### **SITUACIÓN FRONTE A EXTINCIÓN:**

Aínda sendo unha das rapaces máis estendidas e abundantes, sufriu en épocas recentes fortes períodos de recesión demográfica. Como na maioría de casos, o aburrimento ou maldade dos cazadores, a invasión dos seus hábitats e a concentración na rede trófica de todo tipo de pesticidas, son os factores máis frecuentes de retroceso das poboacións.

Documentáronse casos de envelenamento en individuos que se alimentaron de carnaza envelenada.

Resulta en extremo difícil apuntar a dinámica actual, xa que estamos a falar dunha especie moi esquiva e de difícil estudio debido ó seu modus vivendi.



### **O AZOR COMÚN E A COLUMBOFILIA:**



Non son os máis agresivos inimigos das nosas deportistas, pero é frecuente atopalos acosando bandos en toda a península. Pese ó seu pequeno tamaño, non dubidan en facerse valer e quedar cunha succulenta tallada. Sobre todo se atopan unha pomba extenuada durante o regreso dun concurso.

Posúe un sistema de caza moi semellante ó dos falcóns de maior envergadura, atacando ás súas vítimas por sorpresa. Aproximándose en

voo directo pra logo lanzarse a unha velocidade increíble, ata atrapar a presa. Esta é rematada cás longas poutas, que se lle afunden con forza na carne.

Noutrora, captura a outras aves en voo precipitándose sobre o obxectivo escollido dende abaixo, dando unha volta completa e aferrándose polo ventre, pra volver despois á posición orixinal.

En outras ocasións, non dubida en atravesar unha matogueira pra atrapar unha presa que se atope ó outro lado. Atravesa a mata en picado, cás alas pechadas coma un mísil. Temeridade que adoita pagar cara, pois frecuentemente acaba atrapado ou empalado vivo nas ramas.

Asemade, pode atacar a pombas pousadas no tellado ou feridas no chan tras o golpe contra un cable ou antena.



**CUADERNOS DE CAMPO:**  
**BIOLOGÍA DE LOS DEPREDADORES MÁS COMUNES.**  
**AVES – GAVILÁN europeo.**

**CLASIFICACIÓN:**

<b>REINO</b>	Animalia
<b>FILO</b>	Cordados
<b>SUBFILO</b>	Vertebrados
<b>CLASE</b>	Aves
<b>ORDEN</b>	Falconiformes
<b>FAMILIA</b>	Accipitridae
<b>SUBFAMILIA</b>	Accipitrinae
<b>GÉNERO</b>	Accipiter
<b>ESPECIE</b>	<i>Accipiter nisus</i> (Linnaeus, 1758)



Este Accipiter posee un tamaño más reducido que el de su pariente el Azor común. No es de extrañar que en inglés lo denominen Sparrowhawk, “halcón gorrión”.

Una característica sobresaliente de su comportamiento radica en su agresividad pese a su reducido tamaño. Es un enemigo formidable, rápido, astuto. Desarrolla técnicas de caza según su experiencia, y cada individuo resulta una caja de sorpresas pues acaba por sacarle un partido especial al medio donde vive.

No es la rapaz más fuerte, ni la más grande, ni siquiera la más rápida, pero resulta igualmente letal para nuestras palomas cuando se decide a atacar un bando, o a un individuo aislado. En ocasiones podemos observar como el bando contraataca arremetiendo contra un gavián, reduciendo el espacio necesario para el desarrollo de un ataque potente. Es un mecanismo semejante al que usan diferentes bandos de aves frente a este y otros depredadores.

**DESCRIPCIÓN E IDENTIFICACIÓN:** Marcado dimorfismo sexual, de mayor tamaño las hembras.

	<b>LONGITUD</b>	<b>PESO</b>	<b>ENVERGADURA</b>
♂	28-38 cm.	100-200 g.	59-65 cm.
♀	35-41 cm.	150-350 g.	68-80 cm.



**Cabeza:** Pequeña en relación al cuerpo. Color de los ojos variable según la edad entre el amarillo y el naranja claro. Poseen además, una línea superciliar de color claro sobre los ojos, pero es más evidente en las hembras e individuos juveniles. Mejilla parda o roja en machos, gris oscura en hembras.

**Color:**

**Machos:** Dorso gris pizarra. Abdomen, garganta y pecho con profuso barrado horizontal de color pardo-rojizo. Mota clara en la nuca. (Imagen)

**Hembras:** Dorso gris más claro que en machos. Abdomen blanco, finamente barrado de pardo oscuro horizontal.

**Individuos juveniles:** Dorso de tonalidad más parda con las plumas orladas de ante. Abdomen blanco, toscamente barrado de pardo-rojizo **vertical**. Cera y patas de color verdoso.

Cola larga, en ocasiones más que la anchura alar, con bandas oscuras menos destacadas que en los azores.

Silueta:

Semejante a la de su pariente el Azor común pero de menor tamaño, siendo en ocasiones muy difícil de diferenciar qué especie se está observando, sobre todo si pasan a gran velocidad.

Alas cortas en relación al tamaño corporal; más redondeadas y estrechas que en los azores, debido a la menor separación de las remeras. Posado, podemos observar que no llegan más allá de la base caudal.

Mientras vuela, la cola parece más estrecha en la base que en el extremo pudiendo estar más desplegada que en el caso de los azores. Destacan su longitud y vértices angulosos.

El vuelo consiste en un rápido batir de alas, alternando planeos largos.



### ECOLOGÍA Y BIOLOGÍA:

Rapaz diurna aún muy extendida y relativamente abundante en el hemisferio norte.

Base alimenticia centrada en aves de tamaño medio y pequeño (columbiformes, mirlos, gorriones, etc.). Aún que no es infrecuente encontrarlo cazando pequeños mamíferos y reptiles. Se documentan casos de aprovechamiento de carroña.

Su período reproductor es tardío, abril en el Sur y mayo/junio en el Norte peninsular. La parada nupcial es todo un espectáculo, donde la pareja se persigue realizando acrobacias y simulacros de lucha.

Construye los nidos exclusivamente en árboles, con preferencia en las ramificaciones principales de los pinos. La puesta consta de 2 a 7 huevos con un tamaño medio de 40×30 mm.

La incubación es exclusiva de la hembra y requiere de entre 39 a 42 días. Ya nacidos, son alimentados por la madre con presas capturadas por el padre.

Realizan su primer vuelo a los 25 o 30 días de vida. Anidando por 1ª vez a los 2 o 3 años de edad.



### DISTRIBUCIÓN ACTUAL EN LA PENÍNSULA IBÉRICA:



General.



Principales poblaciones.

Abarca toda la península Ibérica, siendo infrecuente en el S. de Portugal. Las concentraciones más relevantes se documentan en Galicia, costa Cantábrica, cordillera central, sierras de Cuenca y

Albarracín, desembocadura del Ebro, provincias orientales de Cataluña, sierras de Alcaraz, Segura y Nevada así como en la sierra de Ronda en Málaga.

A nivel mundial, se documentan desde el nivel del mar hasta los 4.500 m. de altura.

Su hábitat incluye zonas forestales con abundancia de claros, y algún curso fluvial. Puede asentarse en grandes parques arbolados de zonas urbanas.

### **SITUACIÓN FRENTE A LA EXTINCIÓN:**

Aún siendo una de las rapaces más extendidas y abundantes, sufrió en épocas recientes fuertes períodos de recesión demográfica. Como en la mayoría de casos, el aburrimento o maldad de los cazadores, la invasión de sus hábitats y la concentración en la red trófica de todo tipo de pesticidas, son los factores más frecuentes de retroceso de las poblaciones.

Se documentaron casos de envenenamiento en individuos que se alimentaron de carroña envenenada.

Resulta en extremo difícil apuntar la dinámica actual, ya que estamos hablando de una especie muy esquiva y de difícil estudio debido a su modus vivendi.



### **EL AZOR COMÚN Y LA COLOMBOFILIA:**



No son los más agresivos enemigos de nuestras deportistas, pero es frecuente encontrarlos acosando bandos en toda la península. Pese a su pequeño tamaño, no dudan en hacerse valer y llevarse una succulenta tajada. Sobre todo si se topan con una paloma extenuada durante el regreso de un concurso.

Posee un sistema de caza muy semejante al de los halcones de mayor envergadura, atacando a sus víctimas por sorpresa. Aproximándose en vuelo directo para luego lanzarse a una velocidad increíble, hasta atrapar a la presa. Esta es rematada con las largas garras, que se le hunden con fuerza en la carne.

A veces, captura a otras aves en vuelo precipitándose sobre el objetivo escogido desde abajo, dando una vuelta completa y aferrándolo por el vientre, para volver después a la posición original.

En otras ocasiones, no duda en atravesar un matorral para atrapar una presa que se encuentre al otro lado. Atraviesa la mata en picado, con las alas encogidas como un misil. Temeridad que suele pagar cara, pues frecuentemente acaba atrapado o empalado vivo en las ramas.

Asimismo, puede atacar a palomas posadas en el tejado o heridas en el suelo tras el golpe contra un cable o antena.